

**GLOBALIZACIÓN ECONÓMICA, PODER POLÍTICO
Y ESTADO DEL BIENESTAR**

VICENÇ NAVARRO
Barcelona: Ariel. 2000
[269 páxinas]

Recibido: 20 decembro 2001

Aceptado: 17 xuño 2002

Na situación actual da academia son escasos os estudos que sosteñen, con rigor e solvencia, hipóteses de traballo que supoñen un desafío cara ás teses do discurso económico predominante, especialmente cando esas hipóteses tratan o núcleo e as bases sobre as que se sostén o sistema económico vixente. O estimulante e intenso libro do profesor Vicenç Navarro constitúe un bo exemplo desa estraña especie de traballo académico que ás veces semella estar en perigo de extinción.

A temática do libro introdúcese totalmente no centro do debate político económico internacional ó afronta-las relacións entre o poder político e a situación económica no escenario actual de globalización económica. En concreto, a obra está composta por catro partes diferenciadas que recollen as principais concepcións desenvolvidas por Navarro en diferentes foros e medios trala publicación no ano 1997 doutro dos seus libros, *Neoliberalismo y estado del bienestar*, que serve de antesala para este.

Nunha primeira parte, sométese a análise a economía política do estado do benestar. A evolución recente do capitalismo desenvolvido supuxo cambios relevantes en aspectos como a familia, o ciclo vital das persoas, a estrutura económica e social dos países, os mercados laborais e os contextos políticos. Estes cambios sociais, políticos e económicos teñen un forte impacto sobre a situación do estado do benestar, que debe adaptarse ás novas circunstancias. Pero fronte ás teses globalizadoras que apuntan cara á irrelevancia do político como froito das restricións que impón o mercado, Navarro sostén que non se produce converxencia nas políticas económicas e sociais e que, por exemplo, á hora de adapta-lo estado de benestar ás novas circunstancias, os gobernos liberais seguen políticas diferentes ás dos socialdemócratas e obteñen efectos ben distintos.

Neste punto, o libro estudia se “*son posibles las políticas socialdemócratas en un país sumergido en la supuesta globalización de la economía mundial*”. Como resposta a esta interrogante, Navarro mostra cómo durante o proceso de globalización mundial e integración europea houbo países en Europa que seguiron políticas socialdemócratas e sostiveron a viabilidade das políticas socialdemócratas. Neste sentido, nega o suposto fin da socialdemocracia e argumenta que o debilitamento das políticas socialdemócratas en casos como o da Suecia de principios dos anos

noventa non se debeu ó proceso de globalización mundial, senón a outros factores propios e internos.

Para finalizar esta primeira parte, Navarro cuestiona a propia noción de globalización e considera máis axeitado falar dunha rexionalización da actividade económica arredor de tres núcleos: Estados Unidos, Alemaña e o Xapón. Neste contexto responde, ademais, á estendida tese que defende que os estados están perdendo o seu poder debido á globalización pois, segundo o estudio de Navarro, as abundantes empresas transnacionais están inseridas na zona de control dalgún estado.

A segunda parte do libro estudia as políticas económicas e sociais das tradicións socialdemócratas, cristiandemócratas e liberais. A argumentación supón unha resposta ós argumentos neoliberais e conservadores que atacan o estado do benestar, e nega, por exemplo, o conflito entre eficiencia e equidade.

Pero, ademais, seguindo a súa liña de aclarar algunhas teses estendidas que considera desafortunadas, Navarro cuestiona o carácter exitoso e milagroso da economía dos EE.UU. e a tese dunha economía europea esclerótica, argumentación coa que rompe as bases que permiten considera-lo modelo estadounidense como referencia económica central. Neste sentido, apúntase que a recente boa situación dos EE.UU. se debeu máis a factores conxunturais que a factores estruturais derivados da *nova economía*, o que parece ser corroborado pola evolución económica que seguiu o país trala publicación do libro.

Nunha terceira parte do libro, titulada “La globalización financiera y sus consecuencias”, analízanse dúas cuestións de interese: por un lado, a relación entre o Estado español e a banca española, relación que, segundo Navarro, evidencia o gran poder da banca en España; por outro, as causas e as consecuencias da crise financeira internacional. Con respecto a este último aspecto, Navarro sinala a gran desregulación dos mercados financeiros e as desigualdades de renda a escala internacional como dúas das causas das dificultades económicas e financeiras actuais. Ademais, apoia as teses defendidas por Oskar Lafontaine que consideraba un problema central o baixo nivel de demanda existente en Europa, problema que esixía, entre outros requisitos, a redución dos tipos de xuro. O “fin do keynesianismo”, tan proclamado por algúns, non parece tan evidente segundo a análise do profesor Navarro.

A última parte do libro iníciase co estudio da proposta político-económica da terceira vía. Sobre este tema, Navarro presenta a terceira vía, así como as súas orixes, nas propostas estadounidenses de Clinton e a súa vinculación co laborismo británico, e somete a unha crítica contundente algunhas das súas teses. Neste sentido, responde tamén ós argumentos que Anthony Giddens expuxera cando contestaba ás críticas que previamente Navarro e outros lanzaran contra a terceira vía.

Finalmente, o libro conclúe coa presentación dunha interpretación dos sucesos de protesta levados a cabo en Seattle, interpretación na que se salientan os factores distributivos como base dos conflitos xerados pola globalización (tensións entre grupos de poder e clases populares).

Como se evidencia nesta recensión, os temas tratados no libro son amplos e de máximo calado para os estudiosos da economía. A análise non intenta buscar “respostas perfectas a problemas menores” senón afrontar desde unha perspectiva integradora asuntos económicos de máxima relevancia. Deste modo, esta obra constitúe unha contribución dun interese indubidable, entre outras cousas por poñer no centro do debate un conxunto de suxestivas teses tratadas con rigor. Algunhas poden ser máis controvertidas ca outras, e todas, como en todo proceso científico, poden ser sometidas a revisión e a crítica. Pero de todo iso non cabe senón esperar un enriquecemento académico.

O profesor Navarro sostén no libro que “*en España hay una gran tendencia de pensamiento único en el que dogmas ideológicos neoliberales se presentan como posturas científicas*”. Este libro favorece a apertura dun debate que permita comprobala veracidade desta afirmación respecto dun conxunto de temas importantes.

LUIS MARÍA BARRIO MURGA
Departamento de Historia e Institucións Económicas
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais
Universidade de Vigo